Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO NEGOCIADO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - IMG		
Número expediente:	Documento:	
CON/59/2014	CONYIORS	
2Q714Z0Z5F646G2603J9		

ACTA DA REUNIÓN MANTIDA POLA MESA DE CONTRATACIÓN CONSTITUÍDA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO "ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL 0-3 ANOS EN XUVIA".

En Narón, sendo as doce horas e cinco minutos, do día dezasete de outubro do ano que estamos a correr, reúnese a Mesa de Contratación constituída para a contratación do servizo de "Escola Infantil Municipal 0-3 anos en Xuvia", asistindo á mesma as persoas que de seguido se relacionan:

PRESIDENTE: D. José M. Blanco Suárez.

Vogais:

Dna. Pilar Suanzes Hyde, Secretaria Accidental

D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental

Dna. Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario

Polas empresas licitadoras:

Dna. Sofía Currás Guerrero, pola empresa EULEN S.A.

D. Manuel J. Obispo Martínez en representación da empresa Aurora, Pilar y Ana S.L.

Actúa como Secretario Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección Contratación, con voz pero sen voto.

Constituese a Mesa, coforme ao disposto no artigo 21.7 do R.D. 817/2009, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de contratos do sector público.

A reunión foi convocada co obxecto de proceder á negociación dos aspectos técnicos e económicos sinalados no punto 7 da carátula do prego de condicións administrativas particulares que rexe esta contratación, de conformidade co previsto nos artigos 169, 176 e 178 do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

RESULTANDO:

Tempo de tramitación do permiso de inicio de actividades, e duración da xornada:

-EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.L. comeza ofertando a tramitación do inicio de permiso de actividades nun período mínimo. Ten feita preselección de candidatos e nun prazo máximo de 48 horas dende a adxudicación poden presentar a proposta.

Ofrecen, dentro dun horario de 8 horas e media a xornada completa e a media xornada, ampliando a súa oferta a dar a merenda preparada.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- A empresa AURORA, PILAR Y ANA S.L. oferta inmediatez dende que se lle entregue toda a documentación por parte do Concello, nun prazo de 24 horas, entendendo que solo é presentala.

Mantén o horario de 8 horas pero posibilita o cambio de horario a elección do Concello.

A preguntas da mesa de contratación manifesta que a flexibilidade é sen incremento das 8 horas. Con posterioridade incrementa en media hora o tempo de apertura do centro pechando a súa oferta en 8 horas e trinta minutos.

Persoal:

-EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.L. mantén a ratio de traballadoras pero aclara que dentro desta ratio está por riba das esixencias en cuanto ao perfil dos profesionais, ao ofertar 3 educadores en lugar de 2 educadoras e una auxiliar.

- AURORA, PILAR Y ANA S.L. mantén a oferta formulada nese aspecto, aclarando que se axustará ao mínimo de ratio e categoría esixida.

Cobertura de ausencia e baixas

- AURORA, PILAR Y ANA S.L. mantén a oferta formulada nese aspecto. Comprométese a cubrir as baixas, pero as ausencias, que son momentos puntuais, non as cubre por imposibilidade.

Formación do persoal en prevención de riscos:

-EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.L. oferta persoal con esa formación, xa que ten feita una preselección de persoal con esa formación.

- AURORA, PILAR Y ANA S.L. considera que normalmente o persoal está formado, pero para o caso de non estalo podería telo formado no prazo estimado dun mes.

Incremento de persoal:

Ambas as dúas empresas ofrecen persoal administrativo para o cálculo das taxas pero con persoal propio da empresa, non adscrito directamente ao contrato. Ao non formar parte do cadro de persoal da escola, non se considera unha mellora e por tanto non modifica a proposta inicial.

En consecuencia co anterior as ofertas iniciais se pechan coas seguintes modificacións:

Eulen S.A.,

- Compromiso de inicio das actividades nun prazo de 48 horas, sempre que os trámites correspondentes ao Concello estan realizados e a Xunta de Galicia non demore a autorización.
- Prestación do servizo complementario de subministro de merendas.

Aurora, Pilar e Ana S.L.

- Compromiso de iniciar a actividade nun prazo de 24 horas.
- Ampliación en media hora o horario de apertura

Nos outros aspectos manteñen a oferta inicial, limitándose a concretar aspectos da mesma.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, doce horas e trinta minutos, asinando comigo o Sr. Presidente, da que como Secretario dou fe.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es